

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E FONDO SOLIDARIO CURSO 2022-23

(ORDE do 29 de abril de 2022 publicada no DOG do 18 de maio de 2022)

RESUMEN

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 19/05/2022 ata 22/06/2022 (ambos inclusive)
- MODO DE PRESENTACIÓN: Preferiblemente na aplicación FONDOLIBROS no enlace <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> ou presencial no centro.
- A SOLICITUDE SERÁ ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS MATRICULADOS NO MESMO CENTRO E INTEGRA OS TRES PROCEDEMENTOS.

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (VALE)

1. **Ensinanzas e cursos** aos que afecta:
 - 1º e 2º de Educación Primaria e Educación Especial.
2. **Requisitos:**
 - Estar matriculado en 1º ou 2º de Educación Primaria no curso 2022-23, ou ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
 - Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 10.000 euros (Situación persoal, familiar e económica a 31/12/2020).

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (BANCO DE LIBROS)

As asignacións de libros realizaranse ata esgotar existencias e por orde inversa a renda per cápita (situación a 31/12/2020)

1. **Ensinanzas e cursos** aos que afecta:
 - 3º e 4º de Educación Primaria.
2. **Requisitos:**
 - Estar matriculado en 3º ou 4º de Educación Primaria curso 2022/23.
 - Devolver en bo estado os libros de texto adquirido con cargo ás axudas do Fondo Solidario do curso 2021/22.
 - Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR (VALE)

1. Ensinanzas e cursos aos que afecta:

- Educación Primaria, E.S.O. e Educación Especial

2. Requisitos:

- Estar matriculado en Educación Primaria, E.S.O. ou Educación Especial
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros. (Situación persoal, familiar e económica a 31/12/2020).
- Devolver en bo estado os libros de texto adquirido con cargo ás axudas do Fondo Solidario do curso 2021/22.

Información nos seguintes enderezos web:

[https:// www.edeu.xunta.es/fondolibros/](https://www.edeu.xunta.es/fondolibros/).

<https://sede.xunta.gal> (procedementoED330B)

A falta de devolución dos libros será motivo de exclusión do fondo solidario e das convocatorias de axuda para adquisición de libros de texto e/ou de material escolar.